

Pé diabético

Aproximadamente 250.000 persoas padecen de pé diabético anualmente en España, arredor do 5 por cento de



todos os diabéticos españois, segundo explicou José Luis Lázaro Martínez, podólogo e responsable da Unidade de Pé Diabético na Clínica da Universidade Complutense de Madrid.

O tratamento desta enfermidade, que consiste na aparición de lesións que tardan en cicatrizar e poden complicarse ata chegar á amputa-

ción do membro, depende de se os danos son neuropáticos ou isquémicos, como indicou Lázaro. "O isquémico necesita cirurxía vascular para achegar maior fluxo sanguíneo ó pé, desta forma axúdase a cicatrización. En canto ás neuropáticas requiren un tratamento cirúrxico e métodos ortopédicos que descarguen as zonas afectadas para aliviar a afección e permitir a cicatrización", agregou o experto, que participou na Xornada de Actualización sobre pé Diabético que se celebrou no Hospital Carlos III en colaboración con Johnson & Johnson. Aínda así, segundo asegurou Lázaro Martínez, a prevención é o máis importante tanto na diabete como no pé diabético; sábese que cunha campaña de prevención se poderían reducir ata no 75% os casos de pé diabético que actualmente hai en España. Como medidas de prevención o podólogo recomendou levar un correcto control da diabete con niveis de glicosa aceptables, que o paciente camiñe e coma moderadamente controlando o nivel de graxas e de azucres.